

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 04/09/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 04/09/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de xullo de 2025.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xullo de 2025.

3. Aprobación, se procede, da adhesión do Concello ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (AEE)

4. Aprobación, se procede, da adhesión do Concello ao novo Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de pilas e acumuladores.

5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para cubrir as pistas de tenis de Fontecarmoa.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para elaboración dun novo Plan de Emerxencias Municipal de Vilagarcía de Arousa.

8. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

9. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

10. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

11. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

12. Rogos e preguntas formuladas oralmente polos membros da Corporación Municipal.

13. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Fernando Pérez Quintela e D. Manuel Angel Figueiredo González utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 31 DE XULLO DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 31 de xullo de 2025

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XULLO DE 2025: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

3 Aprobación Plan de seguridade e saúde obras.
1 Aprobación programa de traballo obra Recuperación da Fachada Marítima
1 Discrepancia en relación reparo intervención Servizos tren turístico para cruceiros
4 Expediente de transferencia de crédito
2 Expediente de modificación de crédito por xeración
13 Autorización celebración festas ao aire libre
2 Recurso de reposición expediente sancionador tráfico
10 Primeiras alegacións expediente sancionador tráfico
4 Arquivo expediente sancionador tráfico
2 Resolución sancionadora infracción tráfico
1 Destino vehículos abandonados a centro autorizado de recepción e descontaminación de vehículos
1 Aprobación sinatura convenio Atlantic Fest
1 Estimación bonificación IBI
1 Delegación sinatura Secretaría Xeral
7 Substitución posto de categoría superior
1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
1 Desconto salarial alumno obradoiro
3 Modificación nomeamento funcionarios
1 Pagamento Plan de Pensións
1 Aplicación incremento 0,5% retroactivo xaneiro 2024
3 Avocación competencias Alcaldía
3 Adxudicación contratos
1 Non adxudicación contrato
4 Inscripción no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos
33 Estimación beneficios fiscais IVTM
2 Estimación/desestimación IVTM
5 Estimatoria de recibos
2 Desestimatoria IIVTNU
8 Estimatoria taxas e prezos públicos
61 Orde de pago
5 Comisións bancarias
2 Aboamento préstamo bancario
17 Deber de conservación
1 Autorización Atlantic Fest
2 Designación representación do Concello en recurso contencioso administrativo
16 Reposición da legalidade urbanística
41 Comunicación previa obras menores
1 Declaración infeficacia comunicación previa obras menores
19 Concesión de licenza de obras menores
1 Aceptación renuncia licenza de obra menor
1 Arquivo expediente licenza de obra menor
1 Denegación licenza de obra maior
7 Concesión de licenza de obras maiores
1 Cambio de titularidade licenza de obra maior
2 Autorización para segregación fincas
9 Comunicación previa apertura de establecementos
4 Arquivo comunicación previa apertura de establecementos

1 Ineficacia comunicación previa apertura de establecimientos

TOTAL: 313

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Polo Sr. Alcalde indícase que se procede ao debate conxunto das mocións que figuran cos números 3 e 4 da orde do día, procedendo á súa votación por separado.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (AEE).- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 1 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADO DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELECTRICOS E ELECTRONICOS (AEE).

A empresa URBASER SA presta no Concello de Vilagarcía de Arousa os servizos de contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria, entre os que se encontran a recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

O pasado día 4 de xullo de 2025 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de aparatos eléctricos e electrónicos (AEE) un novo convenio nesta materia coa vontade de facilitarlle ás entidades locais que desexen adherirse ao mesmo un instrumento xurídico ao abeiro do cal as partes involucradas organicen, consonte ás competencias que a cada unha lle corresponden, as actividades de xestión destes residuos co fin de asegurar, no ámbito da Comunidade Autónoma e para o período 2025-2028, o esixido no marco normativo aplicable, sinaladamente no Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro.

Nos casos nos que, conforme ao previsto neste convenio marco, as entidades locais adopten a decisión de adherirse voluntariamente a este, estas consenten en que a organización dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos sexa levada a cabo polos SRAP, conforme a súa responsabilidade e sobre a base das compensacións económicas previstas no mesmo.

Neste punto, consonte ao contemplado no Anexo 2 – Relacións e obrigas de carácter económico entre as entidades locais e os SRAP, resultarían de aplicación os seguintes importes:

Ano	Importe (sen IVE)
1.º ano de vixencia	130,00 €/t
2.º ano de vixencia	132,00 €/t
3.º ano de vixencia	133,00 €/t
4.º ano de vixencia	134,00 €/t

Debe significarse a previsión contemplada na cláusula novena do texto asinado ao respecto da

posibilidade de que esas compensacións se apliquen, con carácter retroactivo, dende o 1 de xaneiro deste ano, para todas aquelas entidades locais que se adhiran con anterioridade ao 30 de setembro de 2025 e cumpran os requisitos sinalados no mesmo.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- A adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao Convenio marco de colaboración asinado en data 4 de xullo de 2025 entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos no ámbito do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia consonte aos compromisos establecidos no mesmo ao abeiro do esixido no Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e en demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Asdo./:Alberto Varela paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da adhesión do Concello ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (AEE).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

- A adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao Convenio marco de colaboración asinado en data 4 de xullo de 2025 entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos no ámbito do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia consonte aos compromisos establecidos no mesmo ao abeiro do esixido no Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e en demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

- Facultar ao Alcalde para realizar tódalas xestións necesarias para levar a debido efecto o presente acordo, autorizándose a sinatura de cantos documentos foran necesarios para a súa materialización.

- Notificar o presente acordo á Consellería de medio Ambiente e Cambio Climático e á Empresa que presta o servizo de recollida e transporte de residuos, URBASER SA.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO NOVO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DOS PRODUTORES (SRPA) DE PILAS E ACUMULADORES.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de

Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 1 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN AO NOVO CONVENIO MARCO EN MATERIA DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES.

A empresa URBASER SA presta no Concello de Vilagarcía de Arousa os servizos de contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria, entre os que se encontran a recollida de pilas e acumuladores.

O pasado día 21 de xullo de 2025 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de pilas e acumuladores un novo convenio nesta materia coa vontade de facilitarlle ás entidades locais que desexen adherirse ao mesmo un instrumento xurídico ao abeiro do cal as partes involucradas organicen, consonte ás competencias que a cada unha lle corresponden, as actividades de xestión destes residuos co fin de asegurar, no ámbito da Comunidade Autónoma e para o período 2025-2028, o esixido no marco normativo aplicable, sinaladamente no Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro.

Nos casos nos que, conforme ao previsto neste convenio marco, as entidades locais adopten a decisión de adherirse voluntariamente a este, estas consenten en que a organización dos residuos de pilas e acumuladores sexa levada a cabo polos SRAP, conforme a súa responsabilidade e sobre a base das compensacións económicas previstas no mesmo.

Neste punto, consonte ao contemplado no A nexa 3 - Relacións económicas entre as entidades locais e os SRAP, resultarían de aplicación os seguintes importes xa que, o Concello vaise adherir mediante a modalidade de adhesión A:

	Importe fixo por tonelada de RPA xestionada			
Ano	2025	2026	2027	2028
OPCIÓN A	589,38	595,27	601,22	607,23

O motivo da adhesión á opción A deriva de que o Concello dispón dun SPX (sistema público de xestión), é dicir, ten en funcionamento un servizo de recollida selectiva dos RPA portátiles que leva a cabo a Empresa URBASER SA e seguiráse coordinando e sufragando o servizo de recollida, transporte e almacenamento temporal dos RPA portátiles, a través da devandita Empresa URBASER SA.

Debe significarse a previsión contemplada na cláusula oitava do texto asinado ao respecto da posibilidade de que esas compensacións se apliquen, con carácter retroactivo, dende o 1 de xaneiro deste ano, para todas aquelas entidades locais que se adhiran con anterioridade ao 30 de setembro de 2025 e cumpran os requisitos sinalados no mesmo.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- A adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao novo Convenio Marco en materia de residuos de pilas e acumuladores na modalidade de adhesión A.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Asdo./:Alberto Varela paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da adhesión do Concello ao novo Convenio Marco en materia de residuos de pilas e acumuladores.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE:

- A adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa ao Convenio marco de colaboración asinado en data 21 de xullo de 2025 entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de pilas e acumuladores (RPA), na modalidade de adhesión A.
- Facultar ao Alcalde para realizar tódalas xestións necesarias para levar a debido efecto o presente acordo, autorizándose a sinatura de cantos documentos foran necesarios para a súa materialización.
- Notificar o presente acordo á Consellería de medio Ambiente e Cambio Climático e á Empresa que presta o servizo de recollida e transporte de residuos, URBASER SA.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA CUBRIR AS PISTAS DE TENIS DE FONTECARMOA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 1 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 26 de agosto de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de xaneiro de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“MOCIÓN PARA CUBRIR AS PISTAS DE TENIS DE FONTECARMOA”

EXPOÑEN

O deporte é unha ferramenta fundamental para promover hábitos de vida saudables, a socialización e o benestar da cidadanía. Neste sentido, o tenis é unha disciplina cunha base importante de usuarios no noso concello, tanto en idade escolar como entre persoas adultas e maiores.

Na actualidade, as pistas de tenis municipais presentan unha carencia que limita notablemente o seu uso: non están cubertas. Isto impide a práctica deportiva en condicións meteorolóxicas adversas, moi habituais durante boa parte do ano na nosa contorna. Como consecuencia, a veciñanza non pode facer un uso continuado desta infraestrutura pública, véndose prexudicados os clubs, as escolas deportivas e os usuarios particulares.

Cubrir as pistas de tenis non só permitiría o seu uso durante todo o ano, senón que tamén contribuiría a prolongar a vida útil da instalación, ao protexer o pavimento e as estruturas da choiva, o sol e outros axentes climáticos. Ademais, facilitaría que familiares, amigos e público en xeral poidan asistir aos adestramentos e partidos sen mollarse nin sufrir incomodidades polo mal tempo, fomentando así unha maior participación e apoio ao deporte local.

Cómpre destacar que esta non é unha petición nova nin exclusiva do Grupo Municipal do Partido Popular. A necesidade de cubrir as pistas de tenis é unha demanda histórica por parte dos clubs, adestradores, deportistas, familias e veciños en xeral. É unha reivindicación compartida dende fai anos por toda a comunidade deportiva local, e que foi trasladada en numerosas ocasións ao goberno municipal sen obter unha resposta efectiva.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos que é unha obriga do goberno local promover o acceso ao deporte durante todo o ano e garantir instalacións axeitadas, modernas e funcionais. Cubrir as pistas de tenis suporía un investimento en saúde, educación e calidade de vida para os nosos veciños.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar ao Goberno municipal a redactar un proxecto técnico para cubrir as pistas de tenis municipais.
2. Que dito proxecto inclúa unha memoria económica e de prazos, co obxectivo de poder incluír a súa financiación nos próximos orzamentos municipais e optar a subvencións supramunicipais.
3. Que se consulte cos clubs deportivos e usuarios habituais para que a solución adoptada responda axeitadamente ás necesidades reais dos deportistas.
4. Que, mentres non se inicie a execución do proxecto, o Concello poña a disposición dos usuarios algunha instalación municipal cuberta (polideportivo ou outra dispoñible) que permita continuar cos adestramentos e actividades de tenis en condicións axeitadas.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Polo concelleiro do grupo político municipal de EU D. Juan Manuel Fajardo Recouso, presentase a seguinte emenda de adición:

- Que se estude o estado do pavimento das pistas pois atópase deteriorado.

- Polo concelleiro do grupo político municipal do PP D. Juan Andrés Bayón Rolo acéptase a emenda presentada.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción coa emenda, co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP para cubrir as pistas de tenis de Fontecarmoa, e se estude o estado do

pavimento por atoparse deteriorado.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1), e once abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP coa emenda do grupo político municipal de EU e:

1. Instar ao Goberno municipal a redactar un proxecto técnico para cubrir as pistas de tenis municipais.
2. Que dito proxecto inclúa unha memoria económica e de prazos, co obxectivo de poder incluír a súa financiación nos próximos orzamentos municipais e optar a subvencións supramunicipais.
3. Que se consulte cos clubs deportivos e usuarios habituais para que a solución adoptada responda axeitadamente ás necesidades reais dos deportistas.
4. Que, mentres non se inicie a execución do proxecto, o Concello poña a disposición dos usuarios algunha instalación municipal cuberta (polideportivo ou outra dispoñible) que permita continuar cos adestramentos e actividades de tenis en condicións axeitadas.
5. Que se estude o estado do pavimento das pistas, pois atópase deteriorado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLITICO MUNICIPAL DO PP PARA ELABORACIÓN DUN NOVO PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 1 de setembro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 27 de agosto de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 4 de setembro de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“Elaboración dun novo Plan de Emerxencias Municipal”

EXPOÑEN

O Plan de Emerxencias Municipal (PEMU) de Vilagarcía de Arousa é unha ferramenta fundamental para garantir a seguridade da veciñanza e a correcta organización dos servizos municipais ante situacións de risco. Sen embargo, o documento actualmente vixente data do ano 1991. Isto significa que se trata dun plan claramente obsoleto, que non responde á realidade actual do noso concello.

En máis de tres décadas, Vilagarcía experimentou cambios significativos: crecemento urbano, novas infraestruturas, maior densidade de poboación, transformación do tecido empresarial e industrial, así como un incremento das actividades portuarias e de servizos. Do mesmo xeito, tamén se produciron avances na normativa autonómica e estatal en materia de protección civil e emerxencias, que fan necesaria a adaptación do plan municipal.

Dispoñer dun plan moderno, adaptado á realidade e aos riscos presentes, non só é unha obriga legal e organizativa, senón tamén un compromiso coa seguridade e benestar dos nosos veciños e veciñas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Municipal a iniciar de inmediato os trámites necesarios para a redacción dun novo Plan de Emerxencias Municipal de Vilagarcía de Arousa.
2. Que na elaboración deste plan se contemple a participación dos diferentes servizos municipais, forzas de seguridade, entidades sociais, sector empresarial e asociacións veciñais, co obxectivo de acadar un documento consensuado e eficaz.
3. Dotar de partida orzamentaria a redacción do novo Plan de Emerxencias Municipal (PEMU).
4. Informar periodicamente á Corporación Municipal dos avances na elaboración do novo Plan de Emerxencias.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

- Polo Sr. Fajardo Recouso pregúntase a que importe ascenden as contías abonadas, sendo Alcalde Tomás Fole e Alberto Varela, para a redacción dun Plan de Emerxencias Municipal.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP para elaboración dun novo Plan de Emerxencias Municipal de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Instar ao Goberno Municipal a iniciar de inmediato os trámites necesarios para a redacción dun novo Plan de Emerxencias Municipal de Vilagarcía de Arousa.
2. Que na elaboración deste plan se contemple a participación dos diferentes servizos municipais, forzas de seguridade, entidades sociais, sector empresarial e asociacións veciñais, co obxectivo de acadar un documento consensuado e eficaz.
3. Dotar de partida orzamentaria a redacción do novo Plan de Emerxencias Municipal (PEMU).
4. Informar periodicamente á Corporación Municipal dos avances na elaboración do novo Plan de Emerxencias.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou

se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- RESPONSA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte da voceira do grupo político municipal do PP presentanse, con data 29 de agosto de 2025, as seguintes preguntas por escrito:

Na rúa Conde Vellellano, na que xa se procedera ao peche dunha parte da superficie, recentemente procedeuse a picar de novo, aparentemente para instalar tubaxes ou canalizacións. Por este motivo, preguntamos ao goberno local:

1. Só se tivo que repoñer a tubaxe de rego?
2. Faltaba tamén a tubaxe de contraincendios así como os hidrantes?
3. De quen foi a responsabilidade de que se tivera que volver levantar o pavimento?

- Pola Concelleira de Urbanismo dáse resposta ás preguntas anteriores.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse oralmente rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250904&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:12, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.